

ORTIGUEIRA 1-NUMANCIA DE ARES 1

Empate que sabe a pouco no campo de Ortigueira.

ALINEACIÓN:

Numancia: Tobe, Álvaro (Ezra), Miguel (Manu), Martín, Víctor, Amenedo , Diaz, Juanra (Dani), Pablo(Jony), Coco, Pita.

O Numancia saiu con moita intensidade ao campo e isto demostrouse cun tiro de Coco o pao nos primeiros minutos. O Ortigueira controlou o balón no medio do campo con dúas torretas que se levaban todos os balóns de cabeza surtindo de balóns aos extremos e dianteiro que cada vez que tirou a porta topouse con Tobe. Isto foi a monotonía da primeira parte na que o Numancia tivo algunhas oportunidades saíndo o contragolpe ata que nun fallo defensivo o dianteiro do Ortigueira fixo o 1-0.

No 2º tempo o Numancia comezou dominando o partido con varias oportunidades aínda que Ortigueira tamén tivo algunhas oportunidades. Nunha destas oportunidades formouse un barullo na área e Manu macou o empate(1-1). Logo o Numancia seguiu apretando o resto do partido inda que non conseguiu o gol da victoria.

A defensa estivo aceptable, agás no gol, e ben liderada por Martín.

O medio campo loitador, a veces con regates inútiles , pero con escaso éxito diante das torres orteganas.

Notable entusiasmo de Pita loitando contra toda a defensa.

Creo que melloraremos moito cando os nosos dianteiros se atrevan a disparar con ambas dúas pernas. Tal vez xa tiveramos algúns goles máis e tamén puntos.

Por último salienta que a diferenza entre os equipos nesta temporada é mínima tal como opina o noso adestrador , o cal se demostrou neste partido.

Por certo, boa arbitrase.